

O AUTOR DE “45 RECETAS CON ORTIGAS”, GAÑADOR DE DOUS PREMIOS GOURMAND, VIAXA COA SÚA COCIÑA A VERSALLES

- O chef ourensán Martín Álvarez viaxará a próxima fin de semana a Francia para participar no certame “Orties folies 2010”
- O pasado domingo foi nomeado Cofrade de Honra pola Confraría da Estruga da localidade portuguesa de Fornos de Algodres.
- En xuño, o profesor de cociña publicará, en Alvarellos Editora, unha “guía secreta” da gastronomía da provincia de Ourense.

O chef e profesor Martín Álvarez González, autor do libro *45 recetas con ortigas* (Alvarellos Editora, 2006), obra pola que recibiu dous premios Gourmand, viaxará como convidado esta fin de semana a Versalles onde participará no certame gastronómico *Orties folies 2010*, unha prestixiosa convención arredor dos usos gastronómicos e tamén curativos da estruga, que organiza anualmente o país galo.

Así mesmo, este investigador da nova cociña galega participou, o pasado domingo, en Portugal, nas “V Jornadas de Etnobotánica”, onde ofreceu unha charla mais unha degustación coas súas receitas e foi nomeado Cofrade de Honra pola Confraría de Estruga da localidade lusa de Fornos de Algodres.

O próximo mes de xuño Alvarellos Editora publicará un novo libro de Martín Álvarez. Trátase da *Guía secreta da gastronomía galega* cuyo primeiro tomo se centrará na provincia de Ourense. Unha obra que pretende rescatar o mellor da nosa gastronomía máis xenuína, da pasada e da que aínda resiste nas feiras, nos mercados, nas receitas tradicionais dos nosos maiores, ou nos restaurantes máis singulares...

- Para contactar con Martín Álvarez: 661 926 549, martinalvarez@edu.xunta.es

[Adxuntamos fotografía de Martín Álvarez en Portugal o pasado domingo.]

[+ info: www.alvarellos.info]



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info